

## Extraír toda a súa *seiva escura*

**Manuel Forcadela**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

FORCADELA, MANUEL (2012 [1991]). “Extraír toda a súa *seiva escura*”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 53. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1992>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

FORCADELA, MANUEL (1991). “Extraír toda a súa *seiva escura*”. *Nordés*: 15-16 (III Data), 53.

\* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## POÉTICA

### EXTRAIR TODA A SÚA SEIVA ESCURA...

*Hai algún tempo lin nun xornal unhas declaracións dunha psicoanalista que dicía que a análise lacaniana convertía aos homes en santos ateos. Chamoume a atención esa idea porque, desde hai algúns anos, eu sosteño unha opinión semellante sobre o sentido esencial do traballo poético. Trátase de algo que nos achega fonda-mente ao ser no seu sentido máis metafísico ao tempo que nos vertebra interior-mente e nos aproxima á maravillosa sinxeleza do humano.*

*Tempo atrás fun agredido verbalmente dun xeito moi sutil por unha muller que se declaraba medium e visionaria. Tras unha hora de conversa con ela cheguei á conclusión de que o poder do poético, pola súa relación profunda coa relixión e a profecía, era infindamente superior ao que aquela muller pretendía exteriorizar dun xeito bárbaro e alienante. Eu sabía moito máis sobre símbolos e sobre hermenéutica e comprendía en que medida a súa 'poética' non era máis que un desbaraxuste inte-lectual sobre cousas que eu tiña interiorizado e, mesmo, poetizado.*

*O poeta debe situarse, pois, nese linde cabal e ao mesmo tempo irracional para proceder a extraír toda a súa **seiva escura** que é unha das maiores aventuras da in-dagación do humano. Non concibo unha poesía que se sitúe fóra deste marco.*

### TRES POEMAS ANTOLÓXICOS

#### 1. Magnificat. (De O regreso das ninfas)

Señor,  
ti que despido te compraces nas cereixas, nas granadas,  
nas gaivotas e pardelas a chiar polos cons,  
se acaso nos meus días non houber  
unha noite branca onde ancorar os versos  
que a túa man acostumada  
ás colleitas de cinza no outono  
roube do meu corpo a eternidade.